

INGEO, S.L.



"Facemos investigación sobre as características do chan e as súas posibilidades para a aplicación da enerxía xeotérmica"

Alfredo Fernández Pérez / Lucía Novelle Varela

Datos básicos

Actividade:	Proxectos e instalacións para enerxías renovables
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	2
Inversión inicial	46.000€
Financiamento inicial:	O investimento foi financiado con fondos propios, un préstamo ICO, unha subvención por iniciativa ILE e leasing.
Web:	www.ingeo.es
Municipio:	San Ciprián de Viñas, Ourense
Ano creación:	2007

Descrición do proxecto

Somos unha enxeñería de enerxías renovables e a nosa actividade xira en torno ao deseño de sistemas de captación xeotérmica a partir da análise das características de condutividade térmica do terreo, para desenvolver instalacións de enerxía xeotérmica. Este sistema permite dimensionar instalacións de gran demanda térmica, como é o caso de hoteis, hospitais, edificios de oficinas, etc.

Tamén colaboramos con estudos de arquitectura e enxeñería como consultora para investigación e dimensionado de sistemas de captación xeotérmicos.

Principalmente traballamos con enerxía xeotérmica de baixa entalpía, válida para instalacións de calefacción, refrixeración, climatización e auga quente.

E por último, desenvolvemos estudos de biomasa, enerxía solar fotovoltaica, enerxía solar térmica e informes, tanto de limitación de demanda enerxética HEI1 para dar cumprimento ao CTE, de contribución solar mínima HEI4 para dar cumprimento ao CTE, como de certificación enerxética HEI2 do CTE.



Datos empresa

Claves do éxito

A pesar de que o sector da construción está en claro retroceso, o mercado das enerxías renovables está experimentando unha importante expansión. Cremos que a clave está nunha enorme capacidade de traballo e de sacrificio. Ademais resulta fundamental enfocarse moito na labor comercial, sobre todo ao principio, para tecer unha carteira de clientes sólida. Fundamentalmente analizamos o mercado, identificamos as empresas que máis nos interesan en España e concertamos visitas para darnos a coñecer e ofrecerlles os nosos servizos.

No que fai a elementos innovadores, somos consultores que damos apoio a enxeñeiros e arquitectos. O enxeñeiro diseña a instalación e nós participamos nunha pequena parte nese proceso de deseño. Facemos investigación sobre as características do chan e as posibilidades que ese terreo determinado ten para a aplicación da enerxía exotérmica.

Situación actual

Estamos abrindo mercado e tratamos de promocionarnos todo o que podemos a través de labor comercial directa para ampliar a nosa carteira de clientes.

Un instrumento fundamental para darnos a coñecer é a páxina web, a través da cal nos chegaron moitos clientes.

Perfil cliente

O perfil dos nosos clientes son empresas construtoras, arquitecturas e enxeñerías, principalmente. En realidade, traballamos para todos os profesionais que interveñen na construción.



Idea inicial

Traballabamos nunha empresa de enerxías renovables en xeral e queriamos especializarnos en enerxía xeotérmica. A enerxía solar é relativamente sinxela. Tanto os cálculos como as instalacións carecen de complexidade. Pero o caso da enerxía xeotérmica é diferente, e para traballar neste sector necesitas formación e experiencia específicas.

Nós tiñamos formación e experiencia e moitas ganas de desenvolver un proxecto propio.

Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das dificultades foi a económica, para financiar o investimento inicial necesario. Tamén tivemos que desenvolver un esforzo importante en darnos a coñecer. E combinar o labor comercial e a técnica cuns recursos limitados e sen a posibilidade de contratar a ninguén, foi unha odisea.

Pero quizais a dificultade máis importante coa que nos topamos foi a barreira cultural de asimilar a utilidade das enerxías renovables, sobre todo en Galicia, Extremadura e Andalucía.

Perfil promotores

Lucía Novelle é Enxeñeira de Minas e traballou nos sectores agroalimentario e nunha enxeñería de enerxías renovables.

Alfredo Fernández é Enxeñeiro de Montes. Achega tamén experiencia nunha enxeñería de enerxías renovables, así coma nun concello, nun gabinete de enxeñería e no sector naval.

Aptitudes necesarias

Non ter medo ao fracaso.

Moita iniciativa e vontade de querer saír adiante.

Equilibrio e complementariedade nos recursos humanos. A empresa son as persoas que a compoñen. No noso caso, estamos moi equilibrados porque complementamos capacidades técnicas e comerciais.



Guía de Actividad

Energías renovables (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**A independencia que proporciona
O reto que supón**

**Dedicarme ao que me gusta
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si, pero en todo caso, tivemos que subcontratar toda a parte administrativa porque non temos capacidade para asumir todas as tarefas entre os dous.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Cremos que non é fundamental, porque esa formación a proporcionan a experiencia profesional e a propia Administración. O esencial é ter moito sentido común.

Anecdótico

Empezamos a xerar a idea cando traballabamos para outra empresa. Fomos a BIC Galicia, fixemos un Plan de Empresa e intentamos acceder ás axudas do programa Emprendedores. Aínda que non puidemos acceder a estas axudas, o Plan de Empresa serviunos para presentar no resto das axudas ás que accedemos.

Unha das entidades ás que nos diriximos para pedir axuda, e que se supoñía arbitraria, tiña relacións persoais con noso ex xefe, co que isto nos perxudicou dobremente, en primeiro lugar a falta de axuda económica e en segundo lugar o ter que dar explicacións a noso ex xefe.

